



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Modificación do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Cee. Implantación da xornada laboral de 35 horas semanais

EXPEDIENTE Nº 2026/X999/000190

ANUNCIO

O Pleno da Corporación do Concello de Cee, na sesión celebrada o día 3 de setembro de 2026, aprobou expresa e formalmente a modificación do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Cee, previamente negociada na Mesa Xeral Negociadora, relativa á implantación da xornada laboral de 35 horas semanais.

De conformidade co disposto no artigo 38.6 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e no artigo 154.6 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, procédese á publicación íntegra da modificación dos artigos, aprobada:

MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE CEE:

Artigo 11.- Xornada de traballo.

A xornada de traballo común obrigatoria do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cee será de 35 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, sen prexuízo das xornadas especiais que se establezan para determinados postos por razón do servizo, respectándose en cómputo anual a xornada de mil quinientas trinta e tres (1533) horas anuais, de conformidade coa normativa básica aplicable ao sector público.

A xornada computarase en termos anuais, de acordo coa normativa básica estatal en materia de xornada no sector público, e concretarase cada ano no calendario laboral, previa negociación cos representantes do persoal.

As xornadas especiais (quendas, nocturnidade, xornada partida, horarios ampliados de atención ao público, etc.) axustaranse a un cómputo anual equivalente á xornada xeral de 35 horas semanais, sen prexuízo das particularidades organizativas que se recollan no anexo de horarios específicos e nos calendarios anuais.

Artigo 11 bis – Xornada da Policía Local

A xornada de traballo do persoal da Policía Local de Cee será de 35 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, en coherencia coa xornada xeral do persoal funcionario, sen prexuízo das particularidades derivadas do réxime de quendas, nocturnidade, fins de semana e festivos.

O calendario anual da Policía Local deberá garantir a cobertura adecuada do servizo e axustar o cómputo anual de horas efectivas por axente á xornada de 35 horas semanais de media.

Artigo 12 – Horario de traballo

Con carácter xeral, o horario laboral das oficinas municipais será, de luns a venres, de 8:00 a 15:00 horas, en xornada continuada, para o persoal funcionario, agás nos supostos de xornada especial previstos neste Acordo ou no seu anexo.

Suprímense, como regra xeral, os sistemas de tardes de dispoñibilidade ou localización obrigatoria utilizados para completar a xornada ata 37,5 horas semanais, de modo que a xornada efectiva quede fixada en 35 horas semanais, sen prexuízo das gardas, reforzos ou horas extraordinarias que, por necesidades do servizo, poidan establecerse de conformidade coa normativa aplicable.

Os servizos que, pola súa peculiaridade, deban organizarse en réxime de quendas, horarios ampliados ou distinto do xeral, axustaranse aos calendarios específicos que estableza a Alcaldía ou concellaría competente, previa negociación co órgano de representación dos funcionarios afectados e comunicación ao departamento de persoal.

Todos os funcionarios disporán dun período de trinta minutos diarios de descanso, con carácter de tempo de traballo efectivo, que se organizará de modo que non quede desatendido o servizo.

Artigo 13 – Horario de verán

Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, o horario xeral das oficinas municipais será, de luns a venres, de 8:00 a 15:00 horas, sen prexuízo das xornadas especiais recollidas no anexo.

ANEXO – Horarios específicos

c) Bibliotecaria municipal.

En período ordinario (do 1 de outubro ao 14 de xuño), o horario da bibliotecaria será:

- De luns a venres: 9:30 a 13:30 e 16:30 a 19:30 horas.
- Horario de atención ao público: 9:30 a 13:30 e 16:30 a 19:30 horas.

En período de verán (do 15 de xuño ao 30 de setembro), o horario será:

- De luns a venres: 8:00 a 15:00 horas.
- Horario de atención ao público: 8:00 a 14:00 horas.

A Alcaldía, previa negociación co órgano de representación do persoal funcionario, poderá axustar a distribución interna da xornada da bibliotecaria para garantir que o cómputo anual de horas efectivas se corresponda coa xornada de 35 horas semanais de media, sen alterar os tramos de apertura ao público, salvo acordo en contrario.

Publicidade e eficacia

O texto da presente modificación será posto igualmente á disposición do persoal municipal a través da sede electrónica e do Portal de Transparencia do Concello de Cee, así como polos demais medios de publicidade interna que resulten procedentes.

A modificación producirá efectos nos termos establecidos no acordo adoptado polo Pleno da Corporación, unha vez cumpridos os requisitos legalmente exixibles e efectuada a presente publicación oficial.

O resto do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Cee que non resulte expresamente modificado mantén integramente a súa vixencia.

En Cee a 4 de setembro de 2026

A alcaldesa:

D^a Margarita Lamela Louzán

2026/5816